



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MELIDE

Anuncio: novos nomeamentos dos membros da Xunta de Goberno Local, designacións dos novos Tenentes de Alcalde e delegacións.

Dando cumprimento ao disposto no artigo 44 do RD 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, o alcalde por Resolución nº 428/2023 de data 28 de xullo de 2023 e a corrección de erros realizada por Resolución nº 430/2023 de data 31 de xullo de 2023, adoptou entre outros o acordo sobre composición da Xunta de Goberno Local, nomeamentos de tenentes de alcalde, concelleiros/as delegados e delegacións efectuadas pola Alcaldía, do que se dará conta ao Pleno na próxima sesión que se celebre, e que se fai público:

“(…) **PRIMEIRO:** en relación coa Xunta de Goberno Local e tenentes de alcalde:

1. Cesar, de acordo co disposto nos artigos 23.1 da Lei 7/1985 LBRL do 2 de abril, 52 do ROF e artigos 59 e 65 da LALG, Lei 5/1997, do 27 de xullo, e demais normativa vixente, aos/ás concelleiros/as: JOSÉ MARÍA SANTÍN AMO como membro da Xunta de Goberno Local.

2. Nomear, de acordo co disposto nos artigos 20.1 e 23.1 da Lei 7/1985 LBRL do 2 de abril, 35 e 52 do ROF e artigos 59 e 65 da LALG, Lei 5/1997, do 27 de xullo, e demais normativa vixente, aos/ás concelleiros/as: XESÚS PEREIRA LÓPEZ, XOSÉ IGREXAS GARCÍA, CARMEN MARÍA LIÑEIRA SÁNCHEZ e MAYKA BASALO SANTÍN para integrar, co alcalde a Xunta de Goberno Local.

3. Nomear ao abeiro do disposto nos artigos 20.1, 21 e 23.3 da Lei 7/1985 LBRL, artigos 46 e 47 do ROF e artigos 59, 62 e 63 da LALG Lei 5/1997 do 27 de xullo e demais normativa aplicábel e dentro dos membros da Xunta de Goberno Local, aos seguintes tenentes de alcalde:

- Primeiro tenente de alcalde: XESÚS PEREIRA LÓPEZ.
- Segundo tenente de alcalde: XOSÉ IGREXAS GARCÍA.
- Terceiro tenente de alcalde: CARMEN MARÍA LIÑEIRA SÁNCHEZ.
- Cuarto tenente de alcalde: MAYKA BASALO SANTÍN.

4. Corresponde aos nomeados, na orde designada, substituírme na totalidade das miñas funcións nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que me imposibilite para o exercicio das miñas atribucións, así como nos supostos de vacante até que tome posesión o/a novo/a alcalde/sa.

5. Non obstante o disposto no parágrafo anterior, cando o Alcalde se ausente do termo municipal por máis de vinte e catro horas, sen conferir a delegación, ou cando por causa imprevista lle resulte imposible outorgala, substituirao, na totalidade das súas funcións, o/a Tenente de Alcalde a que corresponda, dando conta ao resto da Corporación.

6. Igualmente, cando durante a celebración dunha sesión tivera que absterse de intervir, en relación con algún punto concreto da mesma, o Presidente, conforme ao previsto no artigo 76 da Lei 7/1985, do 2 de abril, será substituído automaticamente na presidencia da mesma polo/a Tenente de Alcalde a quen corresponda. Nos supostos de substitución do Alcalde, por razóns de ausencia ou enfermidade, o/a Tenente de Alcalde que asuma as súas funcións non poderá revogar as delegacións que outorgase o primeiro en virtude do disposto no artigo 43 do ROF.

7. Efectuar na XUNTA DE GOBERNO LOCAL as mesmas delegacións contidas no decreto da alcaldía nº 389/2023 do 13 de xullo de 2023. Expte2023/G003/000426 publicado no BOP 138 do 20 de xullo, de acordo co establecido nos artigos 21.3 da mencionada Lei 7/1985, do 2 de abril, e 9 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público, sendo as seguintes:

- a) As comprendidas nas letras g), da h) deléganse as sancións do persoal agás a separación do servizo dos funcionarios e o despedimento do persoal laboral, j), n), o), q) e s) do artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- b) A comprendida no apartado 1 e 9 da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do sector público (LCSP) que di: “1. Corresponden aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, os

contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.” 9. “Nas entidades locais corresponde aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais a competencia para a celebración dos contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o orzamento basee de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1, non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.”

- c) As comprendidas nos números 9 e 21 do artigo 41 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídicos das entidades locais, aprobado por Real decreto 2.568/1986, do 28 de novembro.
- d) Dispor gastos dentro dos límites da competencia da Alcaldía e os expresamente previstos nas bases de execución do orzamento, e ordenar todos os pagamentos que se efectúen con fondos municipais.
- e) A aprobación de toda clase de certificacións técnicas de obras municipais, calquera que sexa o órgano municipal que as adxudicase.
- f) A aprobación dos padróns municipais estatísticos ou de carácter económico fiscal, que sexan de competencia da Alcaldía, agás os xestionados pola la Excm. Deputación provincial.
- g) A solicitude e aceptación de subvencións do Estado, Comunidade Autónoma, Deputación Provincial e outros organismos públicos ou entidades privadas, que sexan de competencia do alcalde/sa.
- h) A concesión de subvencións a particulares, organizacións, empresas e institucións, que, sen ánimo de lucro, colaboren ou realicen funcións de competencia municipal ou presten servizos municipais de interese xeral para o municipio, dentro dos límites establecidos no orzamento de cada exercicio e con sometemento e observancia das súas bases de execución.
- i) Os acordos sobre panteóns funerarios.
- j) A Devolución de garantías, fianzas e avais de toda clase.

8. A delegación estenderase a todos os asuntos comprendidos dentro das respectivas atribucións, e a todas as potestades legalmente posibles, conservando o alcalde as facultades establecidas no artigo 115,116 e concordantes do ROF e demais normativa aplicable.

Conforme ao disposto no artigo 9.4 da Lei 40/2015 do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público as resolucións administrativas que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia e consideraranse ditadas polo órgano delegante.

De acordo co establecido no artigo 115.c) do ROF, corresponderá á Xunta de Goberno Local a resolución dos recursos de reposición que poidan interpoñerse contra os actos ditados pola propia Xunta de Goberno Local en exercicio das atribucións delegadas.

9. Quedan derogadas todas as delegacións feitas con anterioridade pola Alcaldía en prol da Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO: en relación cos concelleiros delegados, modificar e dividir en **SEIS** as áreas de goberno:

1.- Área de Presidencia: reservada para o alcalde JOSÉ MANUEL PÉREZ PENAS, comprensiva dos ámbitos de Presidencia, Persoal, Seguridade Cidadá, Obras e Servizos e Radio Municipal.

O alcalde realiza **delegacións xenéricas** en prol dos/as seguintes concelleiros/as nas seguintes ÁREAS:

2.- Área de Economía e Facenda: reservada ao primeiro tenente de alcalde XESÚS PEREIRA LÓPEZ, comprensiva dos ámbitos de Economía, Facenda, Promoción Económica, Turismo e Camiño de Santiago.

3.- Área de Urbanismo: reservada ao segundo tenente de alcalde XOSÉ IGREXAS GARCÍA comprensiva dos ámbitos de Urbanismo, Medio Ambiente, Contratación, Comercio e Emprego.

4.- Área de Política Social: reservada para a terceira tenente de alcalde CARMEN MARÍA LIÑEIRA SÁNCHEZ comprensiva dos ámbitos de Servizos Sociais, Igualdade, Saúde e Deportes.

5.- Área de Cultura e Educación: Reservada para a cuarta tenente de alcalde MAYKA BASALO SANTÍN comprensiva dos ámbitos, Cultura, Educación, Xuventude e Normalización lingüística.

O alcalde realiza **delegacións especiais** en prol do seguinte concelleiro na seguinte ÁREA:

6.- Área de medio rural: Reservada para o concelleiro JOSÉ MARÍA SANTÍN AMO, comprensiva do ámbito de Medio Rural.

A. Ámbito ao que se refire a delegación:

As delegacións refírense aos asuntos incluídos nas correspondentes áreas.

B. Facultades que se delegan:

A dirección, xestión, impulsión e inspección dos citados asuntos, sen a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

C. Condicións específicas de exercicio destas:

Das actuacións dos/as concelleiros/as nos asuntos delegados darase información ao órgano delegante, seguindo polo demais o réxime xeral previsto no R.O.F.

D. Efectos:

- 1.- A Alcaldía conservará as facultades que se numeran no art. 115 do R.O.F.
- 2.- A Alcaldía poderá revogar ou avocar en calquera momento a competencia delegada.
- 3.- Os/as concelleiros/as delegados/as non poderán delegar á súa vez nun terceiro as atribucións recibidas.

E. Duración:

A presente delegación de atribucións ten carácter indefinido.

TERCEIRO: dar conta ao Pleno, notificación e publicación.

1. Dar conta ao Pleno na primeira sesión que teña lugar e notificar persoalmente aos/ás designados/as publicando no Boletín Oficial da Provincia os acordos de obrigatoria publicación sen prexuízo da efectividade dos nomeamentos desde o día seguinte o da adopción deste acordo.(...)"

O que se fai público para xeral coñecemento.

Concello de Melide, 31 de xullo de 2023.

O alcalde, José Manuel Pérez Penas.

2023/6350